

## **PREGOS TÉCNICOS PARA CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADE DE DIVULGACIÓN E ANIMACIÓN CONSISTENTE NUNHA ASISTENCIA TÉCNICA PARA LABORATORIO DE CONCILIACIÓN NO ÁMBITO TERRITORIAL DO GOLFO ÁRTABRO NORTE.**

### **1. ANTECEDENTES**

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Norte”, é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar, segundo convenio subscrito o día 23 de febreiro de 2016, para a xestión do Programa FEMP 2014-2020 nos concellos de Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Miño, Mugardos, Narón, Neda, Paderne e Pontedeume.

A Xunta Directiva do Galp Golfo Ártabro Norte en reunión celebrada o día 27 de decembro de 2018 acordou contratar unha asistencia técnica para realizar un laboratorio de conciliación no ámbito territorio do Golfo Ártabro Norte, co obxecto de promover unha maior presenza de prácticas de conciliación nun ámbito sectorial do territorio do GALP Golfo Ártabro Norte, que será identificado dende este organismo; a través dun proceso de dinamización dos axentes sectoriais, que os implique no deseño e teste de prácticas posibles.

O principal obxectivo que se pretende con este evento, que será aberto ao público en xeral, será sensibilizar e motivar para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, co apoio de persoas expertas de referencia.

Outros logros que se pretenden con esta iniciativa será o deseño e protocolización de prácticas que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Esta actuación encaixa dentro da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, no seu obxectivo 1, liña de actuación 1.3.2.3. “Fomentar medidas para a conciliación da vida laboral e familiar e para o reparto igualitario das tarefas do fogar”.

O importe total desta actividade está incluído dentro dos gastos de animación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) para o ano 2019, autorizados pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.

Os Gastos de animación da EDLP teñen a finalidade de intercambio entre as partes interesadas para subministrar información e fomentar a estratexia, e para apoiar aos beneficiarios potenciais con vista á gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

## 2. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto do contrato a realización das seguintes actividades:

1. Concienciación de públicos e captación de participantes, principalmente do sector pesqueiro, así como outros relevantes pola súa actividade a prol da igualdade de xénero e a conciliación. Relatorios de sensibilización e motivación por parte de expertos e expertas de referencia no territorio.
2. Construción colaborativa de recursos. Obradoiro de co-creación participativa (práctico), centrados na conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e que contén co apoio de persoas expertas de referencia.
3. Posta en marcha das propias prácticas traballadas, no seu propio ámbito organizativo, que contén co apoio de persoal experto para o seu seguimento. Uso das novas tecnoloxías (streaming...), xuntanzas para conclusións do conxunto de participantes (mínimo dúas xuntanzas).
4. Evento final no que se presentarán as prácticas deseñadas, e os seus resultados, ao sector no seu conxunto. Este acto tamén contará con presentación de relatorios por parte de expertos e expertas de referencia no territorio.
5. Material didáctico e promocional: Servirá como reforzo educativo para traballar os coñecementos e os valores adquiridos, con información sobre recursos pesqueiros, construción naval, pesca sustentable, medioambiente, cambio climático e biodiversidade. Mochilas e minilibretas serigrafiadas cos logos do FEMP 2014-2020.
6. Elaboración de cuestionarios para determinar a eficacia desta actividade en canto ao seu contido; así como dun manual que promova a extensión e práctica normalizada desta actividade.
7. Elaboración memoria final que será entregada ao GALP Golfo Ártabro Norte para a súa xustificación ante da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

## 3. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O prazo de execución sería durante os meses de setembro, outubro e novembro, podendo ampliar este prazo á primeira quincena de decembro, para rematar algunhas das actividades xa iniciadas nos meses anteriores.

## 4. PREZO

O orzamento máximo de licitación será de 3.500,00 euros (IVE excluído), non aceptándose ningunha proposta por enriba deste importe.

## 5. DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.

**A. Documentación.** Os licitadores deberán presentar a seguinte documentación.

- Proposta segundo modelo do Anexo I e que comprende a oferta económica, para as accións indicadas no obxecto do contrato.
- Declaración responsable segundo modelo do Anexo II.
- Memoria técnica detallada das actuacións a realizar, acompañada dun cronograma provisional tendo en conta o prazo de execución existente para realizar as actividades.

**B. Prazo:** 10 días naturais a partir do día seguinte da publicación destes pregos técnicos na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia: <https://galp.xunta.gal/>

**C. Forma de presentación:** As propostas serán enviadas á sede do GALP Golfo Ártabro Norte (Rúa Curro, nº 33 15630 Miño – A Coruña / mail: [galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal](mailto:galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal)).

A documentación poderase presentar por correo electrónico, sempre que teñan sinatura dixital no enderezo electrónico arriba indicado, senón non serán admitidos.

#### **6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**

Adxudicarase á oferta máis vantaxosa economicamente, sempre que cumpra cos requisitos esixidos, tendo en conta a seguinte puntuación:

70 puntos, tendo en conta a fórmula seguinte: **OFERTA MENOR / IMPORTE OFERTA \*70**

Valoraranse tamén as melloras realizadas a esta proposta e a innovación na forma de levala a cabo, a concreción e calidade técnica da mesma, así como o compromiso de resultados e impactos a acadar no territorio; difusión da actividade..... (30 puntos)

#### **7. FACTURACIÓN E FORMA DE PAGO**

O adxudicatario emitirá dúas facturas, da que será pagado un 50% unha vez rematadas as dúas primeiras actuacións e unha segunda, unha vez realizadas todos as actuacións obxecto do contrato e entregada a memoria final.

En Miño, a 18 de xullo de 2019

  Grupo de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Golfo Ártabro Norte

Asdo.: José Manuel Fernández Lage  
Presidencia GALP Golfo Ártabro Norte

## PREGOS TÉCNICOS PARA CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA LABORATORIO DE CONCILIACIÓN NO ÁMBITO TERRITORIAL DO GOLFO ÁRTABRO NORTE

<b>ENTIDADE LICITADORA.</b>			
Razón Social:		CIF:	
Domicilio Social:			
<b>REPRESENTANTE</b>			
Nome e apelidos:		DNI:	
Relación coa entidade:			
<b>DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:</b>			
Correo electrónico:		Telf.	
Dirección postal:			

O abaixo asinante, en representación da entidade licitadora, **DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

1. Que cumpre coas condicións establecidas no Texto Refundido la Lei de Contratos do Sector Público para contratar co Sector Público.
2. Que a persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á entidade licitadora.
3. Que conta coa solvencia económico-financeira e técnico-profesional esixida para este contrato.

Así mesmo, presenta a seguinte **OFERTA ECONÓMICA** para a realización do contrato polo importe total e os importes parciais que se indican de seguido, todos eles expresados en Euros (€) e co IVE e calquera outro imposto ou taxa aplicable incluídos:

Actividade / Acción	Importe (€), IVE incluído

Asinado en , a de de 2019

**Prioridade 4. O.T. 8. O.E. 4 a) e b) Artículo 60.1 y 63 FEMP**

**Aplicación de EDLP. Proxectos financiados polos GALP (incluídos os custos de funcionamento e animación)**

**Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%**



**ANEXO II.**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

**Participación na presentación de ofertas en procesos de contratación desenvolvidos polos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro**

D./D<sup>a</sup>....., actuando en calidade de representante legal da entidade mercantil....., coa finalidade de facilitar unha contratación con fondos públicos transparente, baseada na libre competencia e a non discriminación,

**DECLARA**

- 1) Que o obxecto social desta empresa se corresponde co obxecto de contratación.
- 2) Que esta entidade mercantil, en relación con establecido no artigo 145.4 do TRLCSP (BOE núm. 276. 16 de novembro de 2011),  
*(deberá consignarse a situación que proceda):*

- Non está na situación descrita no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo ou concerto de empresas dese as que se poida exercer unha influencia significativa sobre a súa toma de decisións financeiras ou de explotación.
- Si forma parte do grupo ou concerto de empresas denominado:

.....

E integrado polas seguintes entidades mercantís: (deberán consignarse a continuación as denominacións sociais que integran o grupo ou das sociedades nas cales conorra algún dos supostos alternativos regulados no artigo 42.1 do Código de Comercio respecto dalgún dos seus socios)

.....  
.....  
..... (continuar ao dorso se é preciso)

.....  
.....  
(Lugar) (Data)

.....  
(sinatura)